

Alcalde/sa do Concello de Cerdedo-Cotobade
Praza do Concello, nº 1
36856 Carballo (Pontevedra)

NOTIFICACIÓN

A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural ditou a resolución que seguidamente se transcribe na súa integridade:

* * *

Expte. S Arqueoloxía	02.P.1540.2024.001
Código SXPA:	CT 102A 2024/012-0

RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL POLA QUE SE AUTORIZA O PROXECTO DE SONDAXES MANUAIS AVALIATIVAS PARA A POSTA EN VALOR DO CASTRO DA CIVIDAD (CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE)

Antecedentes

1.- O 27.12.2023 e 15.01.2024, o Concello de Cerdedo - Cotobade, presentou unha solicitude de autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural para realizar a actividade arqueolóxica que se describe como segue:

Título do proxecto: **Proxecto de sondaxes manuais avaliativas para a posta en valor do Castro da Cividá (concello de Cerdedo - Cotobade)**

Arqueólogo solicitante: **Benito Vilas Estévez** Autor do proxecto: **Benito Vilas Estévez, Arbore arqueoloxía**
Promove: **Concello de Cerdedo – Cotobade**

3.- O 16.01.2024, logo do exame do proxecto de referencia, o Servizo de Arqueoloxía emite o correspondente informe.

Consideracións Legais

- Os artigos 95 e seguintes da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- O Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo con todo o indicado, e no exercicio das competencias que teño atribuídas en virtude dos artigos 3 e 8 do citado Decreto 199/1997,

RESOLVO:

- Autorizar a **Benito Vilas Estévez**, na súa calidade de arqueólogo solicitante, para realizar a actuación de **Proxecto de sondaxes manuais avaliativas para a posta en valor do Castro da Cividá (concello de Cerdedo - Cotobade)**, que se clasifica como actividade de conservación e revalorización do patrimonio. O tempo de execución será de **5 días**.



2.- Os traballos suxeitaranse ás seguintes condicións:

- a) Na execución dos traballos arqueolóxicos deberán seguirse os criterios establecidos no proxecto de intervención arqueolóxica autorizado, e as actuacións serán nos terreos das que se conta coa autorización dos propietarios. Calquera modificación ou ampliación deberá ser comunicada á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.
- b) O alcance da intervención quedará condicionada a que se garanta o correcto rexistro arqueolóxico e as medidas de protección e conservación das estruturas que poidan aparecer. De apareceren restos arqueolóxicos de singular relevancia, deberase informar, á maior brevidade posible, á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, para adoptar as medidas protectoras oportunas.
- c) Unha vez rematada a intervención arqueolóxica procederase ao tapado das sondaxes para garantir a súa protección e conservación.
- d) Os materiais arqueolóxicos que poidan aparecer e demais documentación complementaria depositaranse provisionalmente no **Museo Provincial de Pontevedra**.
- e) O arqueólogo autorizado deberá comunicar as datas de inicio e remate da actividade. Ao remate da actuación, e nun prazo máximo de 10 días, presentará un informe valorativo. No prazo máximo de seis meses presentarase a memoria técnica e copia da acta de depósito estendida polo responsable legal do museo.
- f) Unha copia do conxunto da memoria presentarase en soporte dixital, formato PDF ou compatible, asinada dixitalmente na que se deberá recoller documentalmente a totalidade do proceso de intervención, as fichas de Ues debidamente cubertas, así como os resultados acadados.

Así mesmo entregarase, como anexo dixital da memoria, de forma presencial ou telemática, en estándares abertos ou de uso xeneralizado, polo menos os seguintes arquivos nos que estea garantida a interoperatividade:

- Planimetría dos traballos arqueolóxicos (plantas, alzados e seccións) en formato compatible con software de SIX e demais produtos resultantes da fotogrametría dixital. As plantas en arquivos separados e, de ser o caso, integradas no plano topográfico xeral do xacemento
- Fotografías de calidade xerais e de detalle da intervención.
- Inventario de materiais.

O rexistro e a documentación da actuación arqueolóxica que se presente deberá estar xeoreferenciada ao sistema de coordenadas ETRS89, coa proxección UTM no fuso 29 (código EPSG 25829).

- g) No non previsto nesta resolución observárase o disposto nos artigos 9 a 16 do citado Decreto 199/1997.

3.- Esta autorización concédese sen prexuízo doutras autorizacións ou licenzas que sexan necesarias, se é o caso, por aplicación doutras lexislacións sectoriais.

Notifíquese esta resolución ás persoas interesadas en cumprimento do artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE. núm.236, do 02.10.2015).

Santiago de Compostela, (asinado electronicamente), 16 de xaneiro de 2024

A directora xeral do Patrimonio Cultural
M^a Carmen Martínez Ínsua

* * *

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada perante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades



no prazo dun mes, de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e co artigo 26.3.c da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

O que se notifica en cumprimento e para os efectos do artigo 40 da citada Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Documento asinado dixitalmente

O xefe do Servizo de Arqueoloxía

Roberto Pena Puentes

